



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Persoal

Anuncio corrección das bases específicas para a cobertura dunha praza de socorrista de estabilización do Emprego Público

ANUNCIO

Por Resolución do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 3 de maio de 2023, resolveuse o seguinte:

Primeiro.- Rectificar o erro material na redacción do segundo exercicio da fase de oposición da base específica 5.1 do proceso selectivo convocado para a cobertura, pola quenda libre, dentro do proceso de estabilización do emprego público, dunha praza de socorrista (agrupacións profesionais) da escala de administración especial, incluída na OEP do ano 2018 (C.E. 43/18), no seguinte senso:

Onde di:

“**Segundo exercicio:** Consistirá en resolver un suposto práctico relacionado coas funcións e tarefas propias da praza obxecto desta convocatoria. Este suposto práctico consistirá nunha proba de natación de 100 metros combinada con RCP nos seguintes termos:

b) Posición de partida: saída libre en pé desde fóra do vaso da piscina na zona determinada polo tribunal. Tras o sinal, a persoa aspirante entrará na auga, realizará 50 metros: nado a crol, mergullarase e efectuará 15 metros de mergullo, ata chegar ao boneco para saír con el remolcándoo 35 metros, sen que a auga pase por encima da súa cara.

a. Normas de execución da proba:

- 1.^a Entrada libre ao vaso da piscina desde o bordo da mesma. Nado socorrista.
- 2.^a Permítese descansar e apoiarse no bordo da piscina no momento previo ao mergullo e tras a realización do nado socorrista.
- 3.^a A cabeza do boneco debe permanecer sempre fora da auga. En caso de mergullarse, quedará eliminado da proba.
- 4.^a Non se permite tocar nin impulsarse con calquera parte do corpo no lateral do vaso de piscina nin no seu fondo durante o nado socorrista, mergullo e arrastre (si se permite o emerxer co boneco e realizar os xiros de nado e arrastre).
- 5.^a Tipos de arrastre permitidos (sempre coa cabeza do boneco fora da auga):
 - Unha man: unha man na caluga do boneco; unha man cruzada polo peito á axila do boneco desde a súa clavícula contraria.
 - Dúas mans: unha man na caluga e outra no queixo ou maxilar do boneco; unha man na caluga e outra na fronte do boneco; mans ás axilas do boneco.

No arrastre do boneco non está permitido o seu agarre pola zona lateral e anterior do pescozo, só da parte posterior ou caluga. Igualmente, non se permite o uso de reloxo, cronómetros, móbiles ou calquera aparello electrónico no momento de espera á realización da proba.

6.^a Tempo realizado na proba acuática: O tempo máximo para a realización desta proba de natación será de tres minutos. Serán eliminadas da proba práctica aquelas persoas aspirantes que realicen a proba nun tempo superior a 3 minutos.

Esta parte do suposto práctico será puntuada cun máximo 20 puntos, segundo o seguinte baremo:

- De 1 minuto 40 segundos a 1 minuto 50 segundos: 20 puntos.
- De 1 minuto 51 segundos a 2 minutos: 16 puntos.
- De 2 minutos 1 segundo a 2 minutos 10 segundos: 12 puntos.
- De 2 minutos 11 segundos a 2 minutos 20 segundos: 10 puntos.

- De 2 minutos 21 segundos a 2 minutos 30 segundos: 8 puntos.
- De 2 minutos 31 segundos a 2 minutos 40 segundos: 6 puntos.
- De 2 minutos 41 segundos a 2 minutos 50 segundos: 4 puntos.
- De 2 minutos 51 segundos a 3 minutos: 2 puntos.
- Máis de 3 minutos: non apto.

Serán considerados non aptos e serán eliminados do proceso selectivo, aquelas persoas aspirantes que realicen a proba incorrectamente atendendo ás seguintes consideracións:

1. Afundir baixo a auga o boneco durante a proba.
2. Realizar a proba cunha técnica incorrecta de arrastre.
3. Saír a respirar na zona de mergullo.
4. Realizar a proba nun tempo superior a tres minutos.

- Extracción do accidentado/boneco e Soporte Vital Básico: consistirá en realizar un simulacro co boneco rescatado de RCP básico, incluíndo o uso do desfibrilador (DESA).

Nesta parte do exercicio a persoa aspirante deberá realizar de forma completa e correcta un soporte vital básico, segundo as recomendacións vixentes do EUROPEAN RESUSCITATION COUNCIL (ERC), tanto na forma como na secuencia e ritmo combinado. Esta parte non estará sometida a control de tempo senón á calidade e corrección na práctica do soporte vital básico segundo as recomendacións indicadas anteriormente.

Esta última parte, de soporte vital básico, será cualificada de 0 a 20 puntos, sendo necesario para superala obter un mínimo de 10 puntos. As persoas aspirantes que non acaden esta puntuación mínima serán eliminados. O tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para acadar a devandita puntuación mínima de acordo cos criterios sinalados no parágrafo anterior.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións a este exercicio no prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a publicación da súa puntuación."

Debe dicir:

"Segundo exercicio: Consistirá en resolver un suposto práctico relacionado coas funcións e tarefas propias da praza obxecto desta convocatoria. Este suposto práctico consistirá nunha proba de natación de 100 metros combinada con RCP nos seguintes termos:

- Posición de partida: saída libre en pé desde fóra do vaso da piscina na zona determinada polo tribunal. Tras o sinal, a persoa aspirante entrará na auga, realizará 50 metros: nado a crol, mergullarase e efectuará 15 metros de mergullo, ata chegar ao boneco para saír con el remolcándoo 35 metros, sen que a auga pase por encima da súa cara.

· Normas de execución da proba:

1.ª Entrada libre ao vaso da piscina desde o bordo da mesma. Nado a crol.

2.ª Permítese descansar e apoiarse no bordo da piscina no momento previo ao mergullo e tras a realización do nado a crol.

3.ª A cabeza do boneco debe permanecer sempre fora da auga. En caso de mergullarse, quedará eliminado da proba.

4.ª Non se permite tocar nin impulsarse con calquera parte do corpo no lateral do vaso de piscina nin no seu fondo durante o nado a crol, mergullo e arrastre (si se permite o emerxer co boneco e realizar os xiros de nado e arrastre).

5.ª Tipos de arrastre permitidos (sempre coa cabeza do boneco fora da auga):

- Unha man: unha man na caluga do boneco; unha man cruzada polo peito á axila do boneco desde a súa clavícula contraria.
- Dúas mans: unha man na caluga e outra no queixo ou maxilar do boneco; unha man na caluga e outra na fronte do boneco; mans ás axilas do boneco.

No arrastre do boneco non está permitido o seu agarre pola zona lateral e anterior do pescozo, só da parte posterior ou caluga. Igualmente, non se permite o uso de reloxos, cronómetros, móbiles ou calquera aparello electrónico no momento de espera á realización da proba.

6ª Tempo realizado na proba acuática: O tempo máximo para a realización desta proba de natación será de tres minutos. Serán eliminadas da proba práctica aquelas persoas aspirantes que realicen a proba nun tempo superior a 3 minutos.

Esta parte do suposto práctico será puntuada cun máximo 20 puntos, segundo o seguinte baremo:

- De 1 minuto 40 segundos a 1 minuto 50 segundos: 20 puntos.
De 1 minuto 51 segundos a 2 minutos: 16 puntos.
De 2 minutos 1 segundo a 2 minutos 10 segundos: 12 puntos.
De 2 minutos 11 segundos a 2 minutos 20 segundos: 10 puntos.
De 2 minutos 21 segundos a 2 minutos 30 segundos: 8 puntos.
De 2 minutos 31 segundos a 2 minutos 40 segundos: 6 puntos.
De 2 minutos 41 segundos a 2 minutos 50 segundos: 4 puntos.
De 2 minutos 51 segundos a 3 minutos: 2 puntos.
Máis de 3 minutos: non apto.

Serán considerados non aptos e serán eliminados do proceso selectivo, aquelas persoas aspirantes que realicen a proba incorrectamente atendendo ás seguintes consideracións:

1. Afundir baixo a auga o boneco durante a proba.
2. Realizar a proba cunha técnica incorrecta de arrastre.
3. Saír a respirar na zona de mergullo.
4. Realizar a proba nun tempo superior a tres minutos.

- Soporte Vital Básico: consistirá en realizar un simulacro co boneco rescatado de RCP básico, incluíndo o uso do desfibrilador (DESA).

Nesta parte do exercicio a persoa aspirante deberá realizar de forma completa e correcta un soporte vital básico, segundo as recomendacións vixentes do EUROPEAN RESUSCITATION COUNCIL (ERC), tanto na forma como na secuencia e ritmo combinado. Esta parte non estará sometida a control de tempo senón á calidade e corrección na práctica do soporte vital básico segundo as recomendacións indicadas anteriormente.

Esta última parte, de soporte vital básico, será cualificada de 0 a 20 puntos, sendo necesario para superala obter un mínimo de 10 puntos. As persoas aspirantes que non acaden esta puntuación mínima serán eliminados. O tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para acadar a devandita puntuación mínima de acordo cos criterios sinalados no parágrafo anterior.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións a este exercicio no prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a publicación da súa puntuación."

Segundo.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, 3 de maio de 2023.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, RD. (03/07/2019)

Manuel Ángel Jove Losada

Director de Economía, Facenda e Réxime Interior

2023/3510